Respostas BNG:

- Tentouse colocar unha barreira separadora pero a Xunta non a autorizou
- Comunicarase ao servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, que foi o que fixo esta actuación.
- Estamos pendentes da resolución dunha subvención que está solicitada para a súa posta en marcha no kiosko da avenida do Parque.
- O igual que en calquera proceso interno de todos os colectivos deste municipio este goberno mantense á marxe sendo totalmente imparcial
- Ante a escaseza de persoal, estase dotando o Concello de medios técnicos adecuados para poder prestar o servizo de forma axeitada. Nese sentido adquiríronse dúas hidrolimpadoras e unha máquina barredora que empezará a funcionar en breve.
- Estase a traballar neste tema (Convenio con ADIF)
- Solicitouse, foi denegado e seguiremos insistindo nun dereito que cremos ter Bus Metropolitano
- Sobre a senda Manduas-Campomarzo. Foi reiteradamente solicitada á Xunta de Galicia, xunto co acondicionamento xeral deste tramo da estrada, perserveraremos na petición.
- Esa pequena construción arranxouse en virtude do convenio ca Igrexa, que cedeu os terreos para acondicionar esa zona.
- Retransmisión de plenos por internet
- Estudiarase a posibilidade de facelo e os custes

-Exposición “Reixas” nun sitio máis digno.

Aínda que nós consideramos a actual casa do Concello máis que digna, grazas á iniciativa deste goberno e o apoio en Referendum dos veciños e veciñas de Silleda, en breve poderemos contar cunha nova casa consistoria que, sin ser máis digna que esta, sí nos permitirá nestes casos, igual que no día a día, prestar un servizo máis axeitado aos silledenses.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-00 horas do 27 de Xullo de 2017, do que, eu, o Secretario, dou fe.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

Se inclúe como Anexo as MOCIONS.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

7º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS. TEXTOS

7.1. Do PSOE. Sobre atención a mulleres con endometriose.

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E A DIVULGACIÓN DESTA DOENZA.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista presenta para someter á consideración do Pleno esta **Moción**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza inflamatoria estrógeno-dependente de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero. Na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovario, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pleura, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos segundo o nivel de infiltración do tecido e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de embarazo.

Segundo os estudos a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor das 9.000 mulleres.

A endometriose ademais de poder resultar incapacitante para a muller implica en moitos caso un grave problema de infertilidade. O retraso do diagnóstico da doenza vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que ata o momento o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor e normalizando un dos síntomas principais da doenza.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación o seguinte acordo:

1. Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de **Santiago de Compostela** para que organice xornadas de formación sobre endometriose ás que poidan acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos, enfermería, matronas...).
2. Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de **Santiago de Compostela**, para garantir suficientes consultas específicas de Endometriose para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
3. Instar por escrito, nos próximos 30 días, á EOXI de Santiago de Compostela, a creación dunha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos,

psicólogos, especialistas en dor etc para unha mellor atención dos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

4. Solicitar por escrito, nos próximos 30 días, á Consellería de Sanidade para que dea cumprimento á moción sobre endometriose que, por unanimidade, aprobaron todos os grupos políticos da cámara galega o 22 de abril de 2015, e que recollía, en gran medida, as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

5. O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso municipio para dar a coñecer a doenza e tratar de recortar, na medida do posible, o retraso diagnóstico a través da distribución dun díptico cuxos contidos serán solicitados polo concello a profesionais médicos especializados en endometriose.

Xuño 2017. Ana Luisa González Costa Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista

Matías Rodríguez da Torre, con DÍ 44.075.856-J, concelleiro acreditado do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas (BNG-AA) no Concello de Silleda, facendo uso da potestade que lle outorga o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Silleda, presenta a seguinte proposición para o seu debate en pleno.

PROPOSICIÓN PARA DECLARAR AO CONCELLO DE SILLEDA ESPAZO LIBRE DE EUCALIPTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe neste momento unha importante preocupación social e un intenso debate sobre o avance da plantación de eucalipto en terreos destinados á produción forestal e tamén en terreos nos que estaría prohibida a súa plantación. Galiza pasou, dende o ano 1980, dunha superficie de eucaliptais de 141.000 has. a unha superficie ocupada por estas plantacións de 250.000 has. Nomeadamente nas provincias de A Coruña, Lugo, e Pontevedra. Neste momento o eucalipto ocupa case unha cuarta parte da superficie arborada de Galiza.

O incremento de superficie ocupada polas plantacións de eucalipto supón unha perda de biodiversidade que incide negativamente no territorio, incrementa o risco de incendios forestais, provoca a seca de acuíferos e a progresiva erosión dos montes. Intereses económicos de grandes empresas impulsan a destrución da nosa superficie agraria útil. As decisións políticas, cando se toman polo ben das persoas e dos territorios, poden ser valentes e decididas. Outra cousa son as políticas que amparan as grandes empresas que converten o noso medio natural nun obxecto da especulación económica.

A Lei de Montes de 2012 prohibiu plantar eucaliptos en terreo agrícola, nas marxes dos ríos, na proximidade das casas e tamén establecía limitacións para o cultivo na Rede Natura. Estas prohibicións estanse a incumplir en boa parte do noso territorio e as administracións deixan en mans de denuncias particulares a responsabilidade do cumprimento da Lei. As administración locais teñen que ser parte proactiva á hora de velar pola defensa do medioambiente e da riqueza paisaxística do territorio e por todo isto propoñemos o seguinte

ACORDO

- Declarar o termo municipal de Silleda como zona libre de eucaliptos naquelas zonas nas que a lexislación impida a súa plantación e co compromiso de promover medidas de potenciación das especies autóctonas para reducir progresivamente a superficie libre de eucaliptais invasores.
- Que o goberno municipal faga as xestións necesarias para que a Policía Local e os servizos ambientais e forestais competentes actúen como órgano denunciante de irregularidades no caso de plantacións de eucalipto que, no termo municipal de Silleda, incumpran calquera normativa ou lexislación aplicábel.

Silleda 24 de Xullo de 2017.



Asdo.: Matías Rodríguez da Torre
Edil do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA



Matías Rodríguez da Torre, con DI 44.075.856-J, concelleiro acreditado do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas (BNG-AA) no Concello de Silleda, facendo uso da potestade que lle outorga o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Silleda, presenta a seguinte proposición para o seu debate en pleno.

PROPOSICIÓN PARA PROMOVER O ESTUDO DUN PLAN DE MOBILIDADE SUSTENTÁBEL NOS NÚCLEOS URBANOS DO CONCELLO DE SILLED A

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das principais características das sociedades occidentais é a gran facilidade para movernos polo espazo. Nos últimos anos tense falado incluso de “hiper-mobilidade”. Esta gran facilidade, consecuencia da universalización do vehículo privado, permitiu ás persoas poder desligarse do lugar do seu posto de traballo con respecto a súa vivenda principal. Hoxe en día, son frecuentes os desprazamentos dunha hora ou incluso máis. Moitos destes desprazamentos teñen un mesmo destino, as vilas ou cidades. É aquí onde se concentran a maior parte dos postos de empregos, servizos públicos/privados (educación, sanidade, administración) ou postos relacionados co lecer. No noso concello son os núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira, as que concentran isto coa súa variada oferta de servizos, maior no primeiro. A falta dunha rede de transporte colectivo adecuada, a excepción do espazo situado no corredor Santiago-Ourense, obriga á maioría das persoas do concello de Silleda a utilizaren o seu propio vehículo privado se o destino final é calquera dos dous cascos urbanos. Isto provoca unha situación de dominio do espazo público, ademais de todas as **externalidades negativas** do uso do coche, é dicir, ocupación de solo público, perigo constante cara a seguridade das propias persoas e contaminación acústica e atmosférica, cunha maior incidencia naquelas vilas sen zonas verdes. Ante isto, non estamos en contra da supresión da circulación do vehículo privado nos cascos urbanos, sobre todo, onde non existe unha oferta de transporte colectivo para dar resposta a unha teórica prohibición ou limitación, mais si que estamos a prol **dunha regulación da circulación** dos vehículos privados para **diminuír** o seu impacto. Desta maneira, conseguiremos mellorar a calidade de vida dos habitantes e facendo máis atractivo os nosos cascos urbanos. Para isto propoñemos unha serie de medidas para levar a cabo, que deberían facer parte como base para promover unha análise rigorosa nas vilas do Trasdeza. E por todo isto propoñemos ao pleno o seguinte

ACORDO

1.- A promoción por parte do Concello de Silleda dun estudo aberto, plural, obxectivo, serio e rigoroso, onde a humanización das nosas vilas, a seguridade das persoas e o respecto polo medio ambiente serían o seu fundamento. O cal debера sustentarse nas liñas básicas que se



O punto máis alto a nivel xenético da Finca de Mouriscade produciuse na campaña 2009-2010 cando acadou o número 1 en ICO a nivel estatal. Unha avaliación xenética de primeiro nivel no eido estatal que contrastou o bo traballo que se realizou durante moitos anos nesta finca por parte dos seus técnicos e responsables do programa xenético.

De xeito paralelo aos altos niveis de selección xenética da finca provincial, tamén se foron rexistrando nas explotacións da nosa zona un incremento nas cualidades xenómicas da súa cabana gandeira, chegando un bo número de explotacións radicadas no noso Concello e arredores a situarse cos seus mellores exemplares en postos de privilexio entre os mellores exemplares galegos e mesmo nacionais.

O estancamento producido no Programa Provincial de Mellora Xenética tras acadar os niveis máis altos e o crecemento importante na calidade xenética das explotacións do norte provincial provocou un equiparamento de calidade entre os embrións producidos na finca lalinense e os que manexan xa algúns das nosas explotacións. Provocando que o que antes era unha finca punteira e de referencia, estea hoxe ao nivel de algúns outras explotacións que nos últimos anos mimaron o tema da selección xenética dos seus animais.

Nos dous últimos anos, esas diferencias foron mingando ata situarse a finca de Mouriscade no número 26 da mesma avaliación xenética que sete anos antes lideraba, co que implica de falla de atractivo para os compradores de embrións e de xovencas para a recría.

Así as cousas, a día de hoxe, a Finca de Mouriscade necesita dun novo pulo, a nivel técnico e de investimentos, para que poida volver a ser unha ferramenta punteira para os gandeiros do norte provincial e sirva de punto de apoio para unha nova revolución xenética para as explotacións da nosa comarca e do norte da provincia en xeral.

Cuestións como a importación de embrións procedentes de América do Norte, á cabeza da selección hoxe en día, e de centro Europa que permitan mellorar as liñas xenéticas existentes; dotación de novo aparelaxe técnico para o manexo e implantación de embrións; dotación dun laboratorio móbil, inexistente na actualidade; dotación de novos equipamentos técnicos que permitan a impulsión da xenómica, que permitiría unha investigación e mellora máis rápida e actualizada, e investimentos para a modernización das instalacións, como a que xa se fixo co Laboratorio de Mouriscade, son necesarios para que a Finca de Mouriscade poida volver abandeirar, como fixo a principio da presente década, unha nova revolución xenética nas nosas explotacións e permita actualizar a cabana gandeira pontevedresa as liñas xenéticas máis modernas.

Outro dos obxectivos a marcar neste proceso de modernización sería a interrelación entre os técnicos e responsables do Programa de Mellora Xenética e os propios gandeiros, para tentar de que os traballos da Finca foron enfocados á investigación, pero tamén a cubrir as necesidades xenéticas das explotacións. Unha relación queredundaría nun mellor servizo aos beneficiarios finais desta instalación, os nosos gandeiros.



Tendo en conta o anterior e considerando que sería un gran aporte para as explotacións lalinenses, en particular, e de toda a provincia de Galicia en xeral; é polo que propoñemos ao pleno de adopte o seguinte

ACORDO:

1.- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a que deseñe un Plan de Modernización da Finca de Mouriscade, como o que se acometeu nos pasados anos co Laboratorio situado na mesma finca, que permita que a instalación provincial situada en Lalín volva a ser a referencia en xenética para os centos de explotacións do norte provincial.

2.- Que nese Plan de Modernización se contemplen, como mínimo, os seguintes investimentos e dotacións:

- Importación de embrións procedentes de América do Norte e de centro Europa que permitan mellorar as liñas xenéticas existentes
- Dotación de novo aparelaxe técnico para o manexo e implantación de embrión
- Dotación dun laboratorio móbil
- Dotación de novos equipamentos técnicos que permitan a impulsión da xenómica
- Investimentos para a modernización e actualización das instalacións, como a que xa se fixo co Laboratorio de Mouriscade.

3.- Que se remita esta moción á Deputación Provincial co seu apoio por parte do Concello de Silleda.

En Silleda a 26 de Xullo de 2017.

Asinado: José Luis Espiño Espantoso
Vocero do grupo municipal do PP de Silleda.

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

SILLEDA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VILA DE CRUCES E SILLEDA PARA A CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DA PONTE DA CARIXA EN MERZA

Na Casa Consistorial do Concello de Vila de Cruces, a 21 de xullo 2017

REUNIDOS:

Don Klaus Brey Montaña, Alcalde en funcións do Concello de Silleda (Decreto 26.06.2017), con DNI. 76.933.228-E, actuando en virtude da competencia que lle o

artigo 2.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Don Jesús Otero Varela, con DNI 35.257.324A, Alcalde do Concello de Vila de Cruces, actuando en virtude da competencia que lle o artigo 2.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto “CONSERVACION E REPARACIÓN DA PONTE DA CARIXA EN MERZA”.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Nos últimos tempos estase a producir un importante deterioro da ponte denominada Arco da Carixa, sobre o río Deza, no lugar da Carixa, e que se asenta sobre terreos do Concello de Silleda e de Vila de Cruces.

A ponte está construída a base de dous arcos conformados con dovelas de cantería e pezas de granito que forman o taboleiro existente. O rexuntado das pezas conformadoras do taboleiro está realizado a base dunha argamasa composta por area de río e cal. Existe vexetación nun gran parte da superficie da ponte, tanto na súa cara superior como inferior. Como consecuencia do efecto das raíces apréciase perda de rexuntado e deterioración en puntos concretos da sillería.

A ponte presenta en dúas zonas, ambas as na parte correspondente ao Concello de Silleda, desprendementos de pezas graníticas conformadoras da súa superficie, unha delas de grandes dimensións e que aumentou nas últimas semanas, polo que é urxente as actuacións de intervención sobre o mesmo.

Segundo. O Artigo 6 Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) regula a xestión e administración dos bens e dereitos demaniais, debendo axustarse dita xestión, entre outros, aos seguintes principios:

- Inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade.
- Adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral ou ao servizo público a que estean destinados.
- Aplicación efectiva ao uso xeral ou ao servizo público, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.
- Dedicación preferente ao uso común fronte ao seu uso privativo.
- Exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei ou outras especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade.
- Cooperación e colaboración entre as Administracións públicas no exercicio das súas competencias sobre o dominio público.

Terceiro.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Cuarto.- O artigo 11.3 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas Administracións Locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible

como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a LRXSP, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- O Concello de Silleda na sesión da Xunta de Goberno Local de data 20 de xullo de 2017 adoptou o acordo mediante o que se realiza unha encomenda de xestión no Concello de Vila de Cruces para a solicitude de axudas, tramitación e en caso de obter o financiamento externo necesario, a contratación, execución e xustificación do proxecto de “RECUPERACION PAISAJISTICA NO ENTORNO DA PONTE DE REMESQUIDE”.

Pola súa parte o Concello de Vila de Cruces aceptou esta encomenda de xestión na sesión do Pleno de data 20 de xullo de 2017.

Oitavo.- Por todo o anterior, os concellos asinantes **ACORDAN a XESTION COMPARTIDA do proxecto de CONSERVACION E REPARACIÓN DA PONTE DA CARIXA EN MERZA** mediante o presente convenio segundo as seguintes **CLÁUSULAS:**

Primeira.- Obxecto: O obxecto do presente convenio é establecer o marco de cooperación e colaboración entre os Concellos de Silleda e Vila de Cruces a efectos de executar as actuacións urxentes de **CONSERVACION E REPARACIÓN DA PONTE DA CARIXA EN MERZA**, sito en ambos termos municipais.

Segunda.- Ámbito territorial: O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o dos municipios de Silleda e Vila de Cruces.

Terceira.- Obxectivos da colaboración: O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en aras dunha mellor coordinación e eficacia administrativa, minorando así os custos dunha prestación illada para a realización do proxecto CONSERVACION E REPARACIÓN DA PONTE DA CARIXA EN MERZA.

Cuarta.- Xestión compartida: A xestión levarase a cabo en **dúas fases sucesivas**, de xeito que de non obterse o financiamento externo preciso, o convenio quedará sen efecto, desistindo os Concellos asinantes da contratación e execución das obras obxecto do presente:

a) Primeira fase: Solicitude de axudas e subvencións:

A xestión da solicitude de axudas e subvención para o financiamento das actuacións será realizada polo Concello de Vila de Cruces (concello representante), que será a entidade promotora, e incluírá todas as actuacións necesarias para elo: solicitude, aceptación, xustificación, ingreso, etc.

b) Segunda fase: Contratación e execución das actuacións:

Unha vez obtidos os compromisos firmes de aportación dos organismos concedentes das subvencións que se soliciten, por contía suficiente para sufragar os gastos derivados do proxecto, o Concello de Vila de Cruces, asumirá a xestión do proceso de contratación e execución das obras (obtención de autorizacións sectoriais, tramitación do procedemento de contratación, dirección da execución, etc).

Será de aplicación o disposto no artigo 109.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo Concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Quinta.- Representante: Corresponderá a D. Jesús Otero Varela, Alcalde do Concello de Vila de Cruces, actuar como representante na xestión do proxecto, con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como, poder adxudicar, e beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre os Concellos de Silleda e Vila de Cruces.

D. Jesús Otero Varela, Alcalde do Concello de Vila de Cruces actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador das axudas que no seu caso se soliciten.

O concello de Silleda comprométese solidariamente co Concello de Vila de Cruces á execución e aplicación solidaria das subvencións solicitadas.

Sexta.- Financiamento:

1- A execución material das obras financiarase con cargo a subvencións que soliciten e obteñan ao efecto. A falta de concesión das subvencións que se soliciten por contía suficiente para a execución material das obras proxectadas será causa de resolución do presente convenio, quedando as partes obrigadas, respectivamente, á asunción do 50% das obrigas que se houberan xerado ata a data da resolución.

2- Os custos derivados da redación do proxecto técnico serán asumidos polos Concellos de Vila de Cruces e Silleda a partes iguais.

Sétima.- Natureza e vixencia: O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto. Esta vixencia extenderase ata cinco anos despois da execución do proxecto.

Oitava.- Obrigas do Concello de Vila de Cruces. O Concello de Vila de Cruces, asume as seguintes obrigas:

1- Solicitude, xestión e xustificación das subvencións e axudas que doutros organismos aporten para o financiamento do proxecto.

2- Unha vez formalizado o convenio, e concedidas as subvencións ou axudas que se soliciten ao efecto, e en todo caso, unha vez obtidos os compromisos firmes de aportación dos organismos concedentes das correspondente subvencións ou axuda; asumirá a xestión do procedemento de contratación da execución dos traballos, conforme o disposto na normativa sobre contratación do Sector Público.

3- Unha vez recepcionada a obra conforme a normativa de contratación do Sector Público, realizarase un acto formal de entrega ao Concello de Silleda, da parte da obra que corresponda ao seu dominio.

Novena.- Obrigas do Concello de Silleda. O Concello de Silleda asume as seguintes obrigas:

1- Poñer a disposición do Concello de Vila de Cruces, mediante a súa cesión, os terreos e bens necesarios para a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

2- Conceder, conforme ao disposto na lexislación e planeamento urbanístico vixentes, a correspondente licenza de obras.

3- Levar a cabo o mantemento da parte da infraestrutura que corresponda a súa titularidade, unha vez formalizada a acta da recepción da obra.

4- Comprometerse a manter o destino do ben inmovible obxecto das actuacións polo menos durante cinco anos.

5- Unha vez recepcionada a obra conforme a normativa de contratación do Sector Público polo Concello de Vila de Cruces, realizarase un acto formal de recepción polo Concello Silleda, da parte da obra que corresponda ao seu dominio.

Comisión de seguimento: As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada Concello.

Novena.- Causas de resolución: O presente convenio resolverase:

a) Por mutuo acordo das partes signatarias.

b) Non obterse as subvencións que se soliciten por contía suficiente para a execución material das obras proxectadas, conforme o disposto nas cláusulas cuarta e sexta, apartado 1ª.

c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

d) Por denuncia unilateral, con preaviso de tres meses.

Décima.- Normativa aplicable: No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio.

Undécima.- Xurisdicción competente: Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio, serán coñecidos pola comisión de seguimento que se menciona na cláusula oitava; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdiccional contenciosa-administrativa. En proba de conformidade asínase polas partes comparecentes por triplicado exemplar, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O Alcalde do Concello de Silleda O Alcalde do Concello de Vila de Cruces

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-00 horas do 27 de Xullo de 2017, do que, eu, o Secretario, dou fe.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

